

MELLORAR CHANTADA (2021-2023):

por un orzamento ao servizo da viciñanza para o combate á pandemia e á crise social e económica.

Propostas de Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular para o Orzamento 2021.



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes do Grupo municipal Por Chantada-CUP trasladan ao Goberno municipal unha batería de medidas e propostas para considerar no Orzamento 2021 ou, no seu defeito, nos orzamentos de 2022 e 2023. Nen que dicir ten que a situación actual, sanitaria e social, non permite seguir confeccionando políticas e xestionando como até agora, xa que nada vai ser igual.

Bruxelas vén de revisar a previsión de caída do PIB no Reino de España para 2020 incrementándoa en 12.5% e prevé unha recuperación máis lenta. En Chantada, o mes de outubro cerrou con 10 parados máis e xa somamos 500 desempregados (de 697 da comarca). Haise que remontar até 2017 para encontrar un dado tan negativo. Certamente, tanto o Goberno central canto a Xunta da Galiza teñen sacado liñas de axuda que, con desigual eficacia e implementación, teñen evitado que a situación atinxa cenarios dramáticos. No entanto, a evolución dos próximos anos vai ser difícil e o desigual acceso a axudas e ao reparto dos fondos europeos van, segundo diferentes analistas e sociólogos, aprofundar a desigualdade e a exclusión social, a *dualización* das sociedades que xa presenciamos a partir de 2008.

Por iso, apresentamos o seguinte documento na xuntanza dos voceiros dos Grupos municipais do día 7/11/2020, ás 19 horas, para que o Goberno municipal o teña en conta na confección do vindeiro orzamento.

MELLORAR CHANTADA (2021-2023): por un orzamento ao servizo da viciñanza para o combate á pandemia e á crise social e económica.

1.- Robustecer as políticas sociais e contribuír para paliar a mingua de ingresos do pequeno comercio (106.000€).

1.1.- Incrementar a partida de **emerxencia social até 70.000€** (231.489.04), mais de nada serve se urxentemente non contamos cunha **ordenanza**, como demandamos en reiteradas ocasións e reiteran os reparos de intervención. Na mesma, deben especificarse os criterios de acceso e, especialmente, **estabelecer un mecanismo para que as axudas poidan chegar do xeito máis inmediato posíbel ás persoas que o precisan**, optando pola xustificación *a posteriori*. De por parte, a ordenanza debe contemplar tamén as persoas en situación administrativa irregular (sen permiso de residencia) en tanto en canto Seres Humanos amparados pola *Declaración Universal de Dereitos Humanos*. A día de hoxe as únicas axudas ás que poden optar estas persoas son as das entidades do terceiro sector (Cáritas e Recuncho) e a do reparto de alimentos do Concello.

Como indicamos no debate sobre o Orzamento de 2020:

A única mención que podemos facer é a suba da partida para emerxencia social até atinxir os 28.000€ (+19.000€) e que representa aínda así só 2.16% da partida 231 de Asistencia social primaria. Ao respecto lembrar tamén que, en 2019, ficaron sen executar 2.005,38€ de emerxencia social (22.3%), por mor da ausencia dunha ordenanza reguladora conforme é debido. Consideramos que neste cenario a AO para emerxencia social non debería baixar do 5% do total da partida 231, é dicir, **65.000€ combinando axudas directas para emerxencia social cos referidos bonos de compra para o comercio local**. Non é ningún despropósito nun orzamento total de 6.651.263,81€.

Nesta contía incluíríanse as propostas dos postos seguintes ou poderían desglosarse en partidas independentes da área de gasto 231.

1.2.- Bono para alimentos (15.000€ / 65.000€). Cómpre unha partida específica, igualmente regulada mediante ordenanza, que palie as deficiencias do sistema actual: fin do reparto mensual de Amigos de Galicia e repartos unicamente cada 2 ou 3 meses e sen data fixa cos alimentos que chegan do banco de alimentos e dos excedentes da UE. A periodicidade e a publicidade é

importante, xa que até agora só reciben alimentos aquelas familias que manifestan que teñen necesidade dos mesmos ficando moita outra xente excluída polos reparos existentes á hora de pedir. Tampouco ten sentido que as persoas vaian aos SS.SS todos os meses. O seu sería **criar un cartón de emerxencia social que dure 4 meses** e que, cando pase ese tempo, sexa revisada desde os SS.SS a situación económica actual da familia e que a renoven de ser necesario.

1.3.- Propomos bonos que os utentes poidan gastar en calquera comercio da vila e artigos de primeira necesidade: roupa, calzado, bombonas, material escolar... (30.000€ / 65.000€). Os bonos distribuiríanse co sistema de cartón xa mencionado e poderían gastarse en calquera comercio da vila, contribuindo tamén a axudar aos mesmos neste situación difícil. Debe garantirse que poidan mercar en todos os establecementos de alimentación, roupa, calzado, farmacia e parafarmacia da vila, non só nos grandes supermercados. O material escolar inclúe axudas para material informático e acceso a Internet para o estudantado en situación especialmente desfavorecida, sempre e cando se merquen en comercios da vila.

1.4.- Axudas para libros e material escolar (2.000€ / 65.000€) para os cursos de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos), xa que ao non ser escolaridade obrigatoria non hai ningún tipo de axuda da Consellaría nen do Ministerio. A educación infantil, aínda que non é obrigatoria, supón un elemento esencial para a conciliación e, de feito, a partir dos 3 anos acoden a ela a grande maioría das crianzas. A maior abundamento, desde o terceiro sector local (Recuncho Solidario) levan 3 anos dando esta axuda e a media está en 1.000 € por curso escolar a pesar dos seus escasos recursos e de non contaren con calquera axuda pública, aínda co labor importante que fan.

1.5.- Dotar na RPT dunha persoa psicóloga ao Concello de Chantada (50.000€). As dúas ondas da pandemia van traer consigo outras ondas: a onda da depresión económica, a onda das doenzas graves non diagnosticadas a tempo (cancros etc.) e a onda dos problemas de saúde mental agravados pola ansiedade, o confinamento e o medo. Na actualidade, é insuficiente termos apenas unha psicóloga no CIM porque, dun lado, está contratada a media xornada, e, doutro lado, é un recurso específico para atender mulleres vítimas de violencia de xénero ou de especial vulnerabilidade. Tampouco hai psicólogo no centro de saúde de Chantada, en ningún centro da saúde da Galiza o hai, e na Unidade de Saúde Mental de Lemos, a da nosa área sanitaria, apenas hai... 2 psicólogos para adultos e crianzas!

1.6.- Dentro do capítulo de **subvencións nominativas** da área 231 (partida 231.489.01) débese **reforzar o terceiro sector** incrementando as partidas ou creando outras novas para as entidades que o precisen. A contía orzamentada en 2020 de 16.000€ é insuficiente e deberíase incrementar globalmente deixando a de ter sentido a de Amigos de Galicia que se substituiría no seu importe íntegro pola proposta 1.6.1 ao incluírense os alimentos coa fórmula explicada en 1.1, 1.2 e 1.3.

1.6.1.- Concretamente, cómpre con urxencia establecer unha liña de axuda para **O Recuncho Solidario (6.000€)**, entidade cunha crecente importancia neste contexto e que xa demostrou durante anos a súa solvencia e capacidade para axudar os que máis o precisan, para alén doutros valores que promoven como a reciclaxe, a integración e o respecto pola diversidade. O Recuncho contribúe socialmente con axudas para material escolar, axudas para que as crianzas de familias en situación de dificultade económica poidan realizar actividades artísticas e de lecer, xa que as únicas actividades gratuítas que hai na vila son as Escolas Deportivas, a Casa da Xuventude (a partir de 11 anos) e a hora do conto da biblioteca para infantil e primario, mais só é unha vez á semana e tampouco ten moita continuidade... Tamén distribúen roupa e outros artigos de primeira necesidade como bombonas.

Consultada a entidade sobre os seus gastos anuais, tendo en conta o baixo e o gasto do Fondo de emerxencia social en 2019 (últimos datos dispoñíbeis):

Concepto	Contía (en euros)
Baixo	3.600
Emerxencia Social	2680,75
Total	6.280,75

A isto cómpre engadir que o novo baixo que encontraron terá un custe maior (luz, auga) e que as necesidades estanse disparando xa no 2020 e, previsibelmente, farano aínda máis no 2021 como se pode observar na evolución histórica do gasto, máxime no actual contexto social e económico. Daquela, **propomos** (e xustificamos axeitadamente) **unha subvención nominativa de 6.000€**.

FONDO ECONÓMICO DE EMERXENCIA SOCIAL

GASTO TOTAL DESTINADO AO FONDO ECONÓMICO DE EMERXENCIA SOCIAL

2017	236,98 €
2018	1949,52 €
2019	2680,75 €

BOMBONAS DE BUTANO

2017	2 unidades	29,40 €
2018	28 unidades	435,20 €
2019	35 unidades	469,35 €

LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA EDUCACIÓN INFANTIL E BACHARELATO CURSO 2018/2019

2018	13 crianzas	914,31 €
------	-------------	----------

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E DE LECER PARA CRIANZAS

2019	5 crianzas	290 €
------	------------	-------

OUTROS (ALIMENTOS FRESCOS, ALOXAMENTO PUNTUAL, PAGO DE FACTURA PUNTUAL,..)

2019		1007,09€
------	--	----------

1.6.2.- Criación dun portal en liña chantadainclusiva.gal para os servizos sociais onde podan informar e pór ao dispor do público a documentación e normativa de interese, así como difundir actividades e propostas das entidades cívicas que prestan servizos sociais (Recuncho Solidario, AFA Chantada, ARCHA, Chantada contra o cancro...). Orzamento: 9.000€.

2.- Emprego (+50.000€).

2.1.- Dotar na RPT dunha persoa técnica de emprego ao Concello de Chantada (+50.000), ou ben dunha persoa auxiliar á actual técnica que, no entanto, non pode exercer como tal ao estar sobrecarregada coa xestión de todas as subvencións municipais. Tampouco a orientadora laboral, establecida en Carballedo, é suficiente para atender estas necesidades. Entre as funcións, debe estar

a orientación laboral, incluída o asesoramento para a elaboración de CV, concorrencia a emprego público etc.

2.2.- Concorrer a todas as subvencións doutras administracións para contratar persoal (APROL, RISGA, auxiliares policía local, ...). Non é necesaria achega económica.

3.- Servizos comunitarios e transporte (20.000€).

3.1.- Bonificar ao 100% para as familias en situación de dificultade o acceso ás piscinas exteriores no verao e ás climatizadas (piscina+ximnasio+actividades) no inverno, especialmente aos cursos de natación.

3.2.- Dotación de equipamentos na piscina municipal (5.000€). Fai falta algún material para sala das clases: noeiriras de 1.5 quilos e algunha de quilo; gomas elásticas de rolo e tamén das que se atan de intensidade media; ampliación do espazo para poder garantir a atención a máis persoas; recuperación do fío musical (estase pagando canon á SGAE).

3.2.- Transporte intermunicipal e axudas para transporte até o hospital (13.000€), xa que a oferta de autobuses é moi deficiente e hai moita xente que non pode permitirse un taxi. Lembramos que levamos anos propondo un sistema de transporte bonificado intermunicipal, que atende ás necesidades das parroquias, e que conecte co hospital de Monforte. Sería tamén unha iniciativa que contribuiría para axudar ao sector do taxi e que xa se ten ensaiado en diferentes locais con notábel suceso.

3.2.1.- Detalle da medida.

O plano que formulamos novamente é elaborar unha serie de rotas que cubran todas as parroquias do Concello e que, de haber vontade, en disposición de elaborar. Feitas estas, calquera persoa chame ao taxista que lle toque esa rota, se ten que viaxar o día da semana que estea estipulado faríao gratis (persoas con cartón explicado no punto 1 deste documento) ou por 3 euros.

O taxista só tería que pasar por ese lugar se o chamasen previamente. Cada taxista tería que cubrir unha folla de quilómetros que conteña os datos e sinatura do utente que faga uso dese servizo (e o número de cartón de ser o caso). Dita folla presentaría no Concello a comezos de cada semana para o abono correspondente.

3.2.2.- Viabilidade económica da medida.

- 0,40€/km + 2€ (plus de esperar 2 horas). Estimación do total cobrindo todas as rotas semanalmente 180€. Semanas 51 (9.180€).
- Transporte até o hospital para maiores de 65 anos ou persoas en risco de exclusión social (ida e volta 64 quilómetros): 25 euros. Custe para o utente 10€, agás os que dispoñen do cartón de emerxencia social. Estimación viaxes ao ano 200. Total: 3.000€

TOTAL INTERMUNICIPAL E BONIFICADO AO HOSPITAL (12.180€): 13.000€

3.2.3.- Viabilidade legal da medida.

Para esta medida non faría falla licitar o servizo, tratándoo como un contrato menor no seo da situación de emerxencia sanitaria e social que atravesamos. Debería facerse un calendario a 10 anos en que vaian rotando os taxistas beneficiados de cada rota, entre os que desexen anotarse a outorgar este servizo, evitándose así a repetición da persoa contratada por máis dun ano. O período de contratación sería entre o 2 de xaneiro e o 30 de decembro de cada ano, excluíndose feriados e domingos do servizo.

4.- Plano de estímulo económico polo lado da demanda (295.760€).

4.1.- Merca en Chantada. Plan de estímulo para comercio e PEMES (245.760€).

O pequeno comercio, a hostalaría e as PEMES foron duramente castigados, así como os traballadores atinxidos por ERTE ou noutras situacións análogas. Certamente, moitas destas persoas non están nestes momentos en risco de exclusión social, mais sería preciso adoptar estímulos que favorezan o consumo local, o cal pode facerse no marco xurídico vixente pola COVID-19.

Propomos, xa que logo, actuar polo lado da demanda, e non da oferta, desenvolvendo bonos de 25 euros, que se deberán gastar nunha única compra física, a repartir entre a viciñanza e que se poderán canxear en calquera establecemento da vila: perrucarías, farmacias e parafarmacias, librarías, drogarías, electricidade, albanelaría, tentas de roupa... Só se exceptúan as cadeas de supermercados e a compra de tabaco e bebidas alcohólicas. Para a hostalaría e a restauración haberá medidas específicas.

4.1.1- Reparto:

- Fogares cun morador: 1 bono (30€).
- Fogares con dous moradores: 2 bonos (60€).

- Fogares con 3-4 persoas: 3 bonos (90€).
- Fogares con 5 ou máis convivintes: 4 bonos (120€)

Habitantes 8192, mais as unidades padroais con dereito a estes bonos serían sensibelmente inferiores. Estimación (1 bono/habitante): **245.760€**.

4.2.- Plano de axuda á hostalería e á restauración (50.000€).

Incluirá as seguintes medidas:

- Prórroga da derogación da ordenanza fiscal de terrazas até 2022 e supresión das taxas municipais. O propio presidente da Xunta demandou aos Concellos que suprimisen a aplicación de taxas á hostalaría.
- Regulación das terrazas en diálogo do sector baixo premisas mínimas: limitación de extensión, permitir a circulación peonil, harmonización de materiais e recollida nocturna.
- Axudas de até 1.000€ para substitución de material de terrazas (harmonización), axudas ao alugueiro, axudas a insonorización etc. As axudas regularase mediante **subvencións en concorrencia competitiva**: poderían incrementarse se existiren fondos dispoñíbeis e repartirse o total entre as solicitudes rexistradas. En principio, orzáméntase para 50 solicitudes.

5.- Medio rural (418.000€).

Nesta epígrafe non se inclúen as pistas e infraestruturas do rural que precisan actuación urxente e que se detallan na epígrafe final deste documento.

5.1.- Partida para colectores no medio rural (18.000€) e estudar comezar a recollida selectiva en 2022 (proxecto en 2021).

5.2.- Retirada e eliminación de vertidos incontrolados (Sabadelle, Polígono, Fátima...) e modificación **ordenanza para activar sancións e programas de concienciación**. Non é necesaria dotación económica (medios propios).

5.3.- Partida para contratación de empresa de recollida de plásticos agrícolas por parroquias (mensual). Coa nova PAC vai ser algo esencial. Orzamento estimado: 60.000€.

5.4.- Sumidoiros no rural. Debería elaborarse un plano para cubrir a totalidade do rural de servizos básicos deica 2030: traída de auga potábel e rede de sumidoiros e depuración. Desenvolveríase por fases. Primeira fase: San Fiz, Abral, Merlán e Nogueira. Orzamento para 2021: 300.000€.

5.5.- Edificacións en ruínas no rural e Plano de vivenda social (40.000€). De acordo coa *Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP en relación á proliferación de edificacións ruinosas*, aprobada por unanimidade na sesión extraordinaria de 18 de xuño de 2020.

5.5.1.- Facer un censo de edificios en risco de ruína e determinar os núcleos rurais en estado de abandono, e crear un rexistro destes, de acordo coas asociacións veciñais do Concello. Medios propios, non é necesaria dotación económica.

5.5.2.- Impulsar de oficio os expedientes necesarios para corraxir as situacións máis perigosas, segundo sexa acaído en cada caso (derrubo, rehabilitación, fomento da venda e alugueiro), tendo en conta a situación socioeconómica das persoas propietarias. Orzamento para 2021: 40.000€

5.5.3.- Acollerse ao programa de vivendas baleiras do IGVS para, de acordo coas medidas desta epígrafe, lanzar un programa de vivenda social que, de paso, contribúa a fixar poboación nas parroquias.

5.5.4.- Procurar axudas doutras administracións públicas até 2023, nomeadamente da Dirección Xeral de Urbanismo.

6.- Cultura, patrimonio e turismo (127.000€).

6.1.- Auditorio municipal e casa da música (50.000€). Partida para adecentamento, conservación e limpeza do auditorio (tratamento da madeira do teito, restauración de elementos deteriorados, limpeza da maleza do sistema de refrixeración etc.).

6.2.- Proxecto para a nova biblioteca municipal. Non é necesaria dotación económica (medios propios).

6.3.- Programa de actividades culturais en lingua galega telemáticos e, cando a situación o permita presenciais (12.000€).

6.4.- Programación cultural anual, que se revisará trimestralmente, con edición de folleto trimestral. Non é necesaria dotación orzamentar (medios propios).

6.5.- Praza para contratación de persoa técnica en normalización lingüística e dinamización cultural. Encargarase de promover e normalizar a lingua galega, dinamizar o tecido asociativo e o estudo e posta en valor do patrimonio (50.000€).

6.6.- Sinalización harmoniosa coa contorna, preferentemente de madeira, dos nomes das aldeas e das parroquias (15.000€).

6.7.- Elaboración dunha Guía para o tratamento e restauración do Patrimonio. Medios propios polo que non é necesaria achega económica.

6.8.- Impulsar a catalogación das nosas árbores senlleiras. Medios propios, non precisa dotación orzamentar.

7.- Limpeza de rúas, colectores e desinfección (40.000€).

- **Mellora do servizo de limpeza do rueiro chantadés** (40.000€) con posibilidade de desinfección das mesmas segundo necesidade. A situación actual de moitas rúas transmite unha imaxe que dista de ser a normal para unha vila.
- **Partida para a limpeza da rúa** sen nomear, sen asfaltar e con escadas **entre a Av. de Lugo e a rúa Doutor Fleming**. Limpeza urxente das rúas Barxela e Ribeira Sacra. Non é necesaria dotación económica.

8.- Medio ambiente e poupanza enerxética.

8.1.- Partida para contratación da enerxía do Concello, a poder ser **conha cooperativa enerxética galega** e licitación do que indebidamente se está xestionando como contratos menores. Non é necesaria achega económica, xa que o gasto semellante ao actual ou até menor cos programas de substitución de LED e aforro enerxético que se desenvolveron e seguirán facendo mediante fondos europeos.

8.2.- Plano de actualización dos puntos de luz do Concello de Chantada. Retirada dos superfluos e detectar necesidades, por exemplo, no acceso a Santiago da Riba (como xa explicamos pode iluminarse con pequenas placas solares como as dos sinais). Realizarao o propio persoal do Concello.

8.3.- Partida para arranxo do parque do mercado gandeiro ou, dada a súa situación e uso durante o tempo que estaba activo, **reconversión en zona verde.** Non é necesaria dotación orzamentar ao poderse incluír no Plano Único da Deputación cos Concellos ou nalgunha outra liña de axudas da Xunta.

9.- Auga e depuradora.

9.1.- Dar pasos firmes para solventar o problema de depuración que ten Chantada.

Procurar fondos doutras administracións públicas para que:

a.- A depuradora do Polígono sexa autónoma.

b.- Tanque de treboadas na depuradora.

c.- Estudar ampliación da actual depuradora ou alternativas, xa que desenvolver a nova neste momento non é factíbel.

Non é necesaria, en principio, dotación económica, aínda que seguramente habería que achegar finalmente por volta dun terzo dos investimentos. Fondos europeos que o Estado dedicará a esta finalidade e outras liñas de axudas relacionadas. Xunta da Galiza, Deputación e Confederación Hidrográfica.

9.2.- Limpeza de sumidoiros na vila. Urxente. Medios actuais.

10.- Actuacións urbanísticas na vila e regulación do tránsito (72.000€).

10.1.- Mantemento e reparación do alumeadado na ponte e no paseo fluvial. (12.000€).

10.2.- Reparación do lousado na praza de Santa Ana. (20.000€).

10.3.- Emprender accións legais para dar cabo da situación de canibalismo urbanístico xerada polo edificio do SAREB na praza de Santa Ana. Orzamento para 2021: medios propios e servizos xurídicos da Deputación de Lugo.

10.4.- Habilitar un bon aparcadoiro que poña solución aos problemas de tránsito e permita completar a total peonalización do Casco antigo. Actualización das ordenanzas e recorrer a sancións. Propostas: terreo do Concello na rúa Taboada e solar na rúa Xoán XIII. En 2021 faríase o proxecto e calcularíase o prezo das actuacións a desenvolver en 2022.

10.5.- Partida para progresiva adaptación das beirarrúas da vila que permita apagar barreiras arquitectónicas e humanizar máis a nosa vila. Orzamento para 2021: 40.000€. Lembrámoslle a nosa *Moción para o cumprimento da normativa nas prazas de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida e outras medidas urxentes a adoptar en materia de mobilidade* (maio 2016).

10.6.- Unha nova ponte para o Bairro da ponte. Compromiso firme de procurar fondos e desenvolver proxecto para elaborar unha ponte duplo sentido que permita peonalizar o bairro da Ponte por onde pasa o camiño de inverno. Desenvolveríase a actuación antes de 2023.

11.- Familias e conciliación (30.000€).

Para alén dalgunhas propostas xa incluídas na epígrafe 1, insistimos na necesidade de dotar o noso Concello das seguintes cuestións fundamentais:

11.1.- Consello escolar municipal. Non é necesaria dotación económica.

11.2.- Camiño escolar. Proxecto en 2021 con medios propios e implementación en 2022.

11.3.- Plano madruga (30.000€). Programa piloto en 2021 con persoal propio ou, se fose necesario recorrendo a algunha empresa. Encarregaríase de ampliar o horario en que os pais poden deixar as súas crianzas nun ambiente lúdico e educativo. Tense desenvolvido en varios concellos con notábel suceso e existen contribucións desde Igualdade (Xunta da Galiza).

11.3.1.- Viabilidade económica da medida: cómpre un monitor para 10 anos (ratio establecido) e o custe mensual no Concello de Cambados é de 6.000€ ao mes para 120 crianzas, xa que logo 600€ por crianza e ano. Para unha estimación de 50 crianzas suporía **30.000€**.

12.- Infraestruturas municipais. Pistas do rural (700.000€).

12.1.- Antes de máis cómpre recalcar a necesidade de **constituír a comisión de infraestruturas aprobada por unanimidade** mediante a *Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP para o arranxo e conservación de infraestruturas e pistas de titularidade pública no termo municipal de Chantada e contra o uso de glifosato na N-540 por parte do Ministerio de Fomento*. Concretamente, recollía:

Impulsar un Pacto polas infraestruturas locais, cunha comisión de seguimento específica, que se reunirá cuatrimestralmente, e que terá as seguintes funcións:

- Estudar a relación de pistas ordenadas polo seu estado de conservación: clasificándoas en A (estado óptimo), B (bo estado), C (deficiencias leves), D (deficiencias graves), E (deficiencias moi graves e/ou perigo para a circulación). Dito informe elaboraríao o técnico municipal correspondente.
- Aprobar un protocolo de actuación municipal nas estradas con cobertura vexetal (ECV) e no manexo, limpeza e rozado das gabias.
- Seguimento das actuacións municipais no eido das infraestruturas e elaboración dunha memoria anual con propostas concretas de actuación e análise das deficiencias detectadas.

Amais, insistimos, coma sempre, na necesidade de licitar conxuntamente as pitas en lote mellorando a transparencia, as condicións de garantía e optando por solucións que sexan durábeis no tempo para o que é imprescindible **facer correctamente as gabias** (cos dous tractores do Concello) **xunto co arranxo e podado de árbores. Débese rematar co abuso do contrato menor.**

12.2.- Partida para estradas con cobertura vexetal (ECV) para poda e rozado mecánico das gabias. Alternaranse medios propios e, se for preciso, requirase a traballos externos. No caso de carballo, castiñeiro e árbores autóctonas só se fará poda. No caso de especies cuxas raíces prexudiquen o firme procederase á súa retirada.

12.3.- Dito o anterior, propomos o **arranxo das seguintes estradas de titularidade municipal**:

- Adá (Santa Baia):
 - Erosa-Adá (E+).
- Arcos (Santa María):
 - A torre de Arcos. (D)
 - Arcos – Ferreira. (E)
 - Cruz do Outeiro – Casteda. (E)
 - Accesos a Gomesende. (D)

- Argozón (San Vicente):
 - Argozón - Mundín. Camiño de servizo da vía rápida e núcleo de Argozón. (D)
 - Argozón – Vilar. (E+)
- Belesar (San Bartolomeu):
- Bermún (Santa María):
 - Bermún de Arriba. (E)
 - Usuriz. (E)
- Brigos (San Salvador):
 - Faluche. (D)
 - Quinteliña – Alto de Ramos (E)
- Camporramiro (Santa María):
 - Rego de Camporramiro - Vilar de Arriba – Vilar de Abaixo. (D)
 - Señorín. (D)
- Chantada (Santa Mariña):
 - Rúa da Barxela. (D)
 - Rúa Vista Alegre. (D)
- Esmeriz:
 - Esmeriz – O Vilar. (E)
 - Esmeriz – Requeixo. (D)
- Esmoriz:
- Fornas (San Cristovo):
 - Ramal rotonda de Lalín até enlace Fornas.
- Grade (San Vicente de A):
 - Trasouteiro – Esmeriz. (E)
- A Laxe (San Xoán):
 - Pista parcelaria Riopedroso a 1002 (tanto enlace que sae a Salgueiros como o que sae antes de Quintela). (E)
 - Pistas da parcelaria. (D/E)
 - Vilanova – Riazón. (E).
 - Acceso ao cemiterio de Laxe. (E)
- Líncora (San Pedro de):
 - A Devesa. (E)

- Mariz (San Martiño):
 - Pavimentado do lugar de Vigo (D).
 - Vigo a Arsilleiros. (D)
 - Acceso ao lugar do Pacio por xunto ao taller. (E)
- O Mato (San Xillao):
 - Pavimentado lugar do Pacio (D).
 - Pavimentado Abral (E).
 - Abral – San Lucas (D).
- Merlán (San Tomé):
 - Pavimentado do núcleo da Torre. (E)
- O Monte (San Miguel):
 - San Miguel do Monte – Quinzan da vila - Moreiras. Estradas e núcleos (E)
- Mouricios (San Cristovo):
 - San Cristovo – Nande. (E)
- Muradelle (San Paio de):
 - Garabelos – Paderne – Muradelle. (E)
 - Alto de Casteda até Barrio (accesos a Barrio) desde a LU211 até proximidades de Lamasendín e Vilariño. (E+)
 - Muradelle até CG2.1.
- Nogueira de Miño (Santa María):
 - Pista a Veiga. (A)
 - Pista ao Navallo e a Cartemil. (E)
 - Pista norte a Soto. (D)
 - Pista a Souto. (E, a pista non chega ao núcleo)
- Pedrafita (Santa Baia)
- Pereira (San Mamede):
 - Pereira – Camporramiro.
- Pesqueiras (Santa María):
 - Airoá – Soilán. (E)
- Requeixo (Santiago de):
 - Pista ao Faro. (E+)
- Sabadelle (Santa María):

- San Fiz de Asma:
- San Pedro de Viana:
 - Accesos a San Pedro.
- San Salvador de Asma:
 - As Córneas. (E+)
- San Xurxo de Asma:
- Santa Cruz de Viana:
 - Accesos a Vilameá. (E+)
 - Segunda fase pavimento núcleo de Vilardamos. (D)
 - Vilardamos - Burgas. (E+)
 - Vilardamos – Santa Cruz (E)
 - Accesos a Quinta de Vilameá. (D)
- Santa Uxía de Asma:
 - Accesos a Aspai. (E+)
 - Sitiós – O Solar. (E+)
- Santiago da Riba:
- A Sariña (San Vicente):
 - Pincelo – A Sariña. (E)
- Veiga:
- Vilaúxe:
 - Cruce Andemil até A Lagoa. (E+)
 - Sandías – Mirador de Terra Branca (E+).

Lembramos que se arranxarían pola orde do seu deterioro conforme ao explicado e aplicando arranxo nas gabias e arranxos con garantía e calidade. Os fondos serían: o RXTGX de 2020, o Plano Único da Deputación, a subvención de AGADER da Xunta e fondos propios. Total: 700.000€ en 2021 e a mesma contía ou superior para os exercicios 2022 e 2023. Nos tres anos totalizarían 2.100.000, que poderían incrementarse en función dos fondos e remanentes dispoñíbeis para, cando menos, poder adecentar minimamente as infraestruturas municipais antes do remate da lexislatura.

13.- Modernización da administración e revisión das ordenanzas vixentes: actualización, harmonización e criazón doutras novas e necesarias. Medios propios.

13.1.- Modernización da administración.

13.1.1.- Controlarase con eficacia o horario de traballo así como o cumprimento das funcións do persoal. Análise do persoal e optimización do mesmo, se for preciso mediante reasignacións e sempre respectando os dereitos laborais da clase traballadora.

13.1.2.- Alternativas ao uso do Gestiona, polo seu alto custo. Con esta medida pouparíanse sobre 10.000€ anuais. Entre outras, a Deputación da Cruña pon a disposición do Concello *software libre* de graza para as entidades locais que desenvolve as mesmas funcións e empregan con eficacia xa varias administracións galegas. Desta arte, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público dispón:

Artigo 157. Reutilización de sistemas e aplicacións de propiedade da Administración.

1. As administracións porán á disposición de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos ou que fosen obxecto de contratación e de cuxos dereitos de propiedade intelectual sexan titulares, salvo que a información a que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por unha norma. As administracións cedentes e cesionarias poderán acordar a repercusión do custo de adquisición ou fabricación das aplicacións cedidas.

2. As aplicacións a que se refire o número anterior poderán ser declaradas como de fontes abertas, cando disto derive unha maior transparencia no funcionamento da Administración pública ou se fomenta con isto a incorporación dos cidadáns á sociedade da información.

3. As administracións públicas, con carácter previo á adquisición, desenvolvemento ou ao mantemento ao longo de todo o ciclo de vida dunha aplicación, tanto se se realiza con medios propios ou pola contratación dos servizos correspondentes, deberán consultar no directorio xeral de aplicacións, dependente da Administración xeral do Estado, se existen solucións dispoñibles para a súa reutilización que poidan satisfacer total ou parcialmente as necesidades, melloras ou actualizacións que se pretenden cubrir, e sempre que os requisitos tecnolóxicos de interoperabilidade e seguranza así o permitan.

Neste directorio constarán tanto as aplicacións dispoñibles da Administración xeral do Estado como as dispoñibles nos directorios integrados de aplicacións do resto das administracións.

No caso de existir unha solución dispoñible para a súa reutilización total ou parcial, as administracións públicas estarán obrigadas ao seu uso, salvo que a decisión de non reutilizala se xustifique en termos de eficiencia conforme o artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En efecto, hai tecnoloxías que se poden empregar como substitutas: *Acceda* para a sede electrónica¹, *Geiser* para o rexistro², o portasinaturas que se lle pode pedir á Xunta... Incluso hai paquetes integrados como *Sedipualb*³.

13.1.3.- Criazón dunha nova web máis dinámica co dominio chantada.gal, que mellore e facilite a organización da información, a transparencia e a tramitación electrónica. Amais,

1 <https://administracionelectronica.gob.es/ctt/verPestanaGeneral.htm?idIniciativa=acceda&idioma=gl>

2 <https://administracionelectronica.gob.es/ctt/verPestanaGeneral.htm?idIniciativa=geiser&idioma=gl>

3 <https://administracionelectronica.gob.es/ctt/verPestanaGeneral.htm?idIniciativa=sedipualba&idioma=gl>

terá sección específica para historia, patrimonio, igualdade, cultural, turismo... Orzamento: co aforro do *Gestiona* non sería necesaria dotación.

13.14.- Facer efectivo o dereito da cidadanía a operar coa entidade local sen precisar o DNI ou outra información da que xa dispoñen as AAPP, neste sentido existe a solución *PID-SVD*⁴.

13.2.- Criazón da ordenanzas que incrementen os ingresos sen atinxir á maioría social.

Nomeadamente, unha **ordenanza fiscal reguladora do aproveitamento especial do dominio público por parte de empresas explotadoras de servizos de subministros de interese xeral e ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de caixeiros automáticos nas fachas dos inmóbeis con acceso directo desde a vía pública**. A propia lei regula que se pode fixar o importa da taxa nun 1.5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal atinxindo, por exemplo, ás empresas de telefonía. Estas medidas xa as demandamos e explicamos en marzo de 2017 mediante a *Moción de Por Chantada-CUP para establecer unha taxa municipal nas instalacións de transporte de enerxía e outras medidas fiscais para impulsar e financiar un Plano de emerxencia social e asinar o convenio da FEGAMP para garantir a luz e o gas nos fogares en situación de vulnerabilidade*.

13.3.- Fiscalidade especial para o sector primario, cabeza tractora da comarca e chave para fixar poboación. De acordo coa nosa *Moción de Por Chantada-CUP para declarar o sector agro-gandeiro como actividade económica de especial interese ou utilidade municipal e impulsar unha nova ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmóbeis* (maio 2016) trátase de:

13.3.1.- Declarar conforme ao artigo 7.5 da a Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adotan outras medidas tributarias e financeiras actividade económica de especial interese ou utilidade municipal o sector primario por concorreren circunstancias sociais, culturais e de fomento do emprego que así o xustifican. O sector primario (viticultura, sector lácteo, cárnico, horticultura...) é o sustento dos restantes sectores e motor económico principal xa non só do noso concello, senón a nivel comarcal.

13.3.2.- Reformar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis para o concello de Chantada no sentido da anexada na devandita moción, derogando así –tal e como

⁴ <https://administracionelectronica.gob.es/ctt/verPestanaGeneral.htm?idIniciativa=svd&idioma=gl>

se recolle no seu articulado– a ordenanza até o momento vixente, publicada no BOP nº 229 de 31 de decembro de 2003.

MELLORAR CHANTADA (2021-2023):	
Por un orzamento ao servizo da viciñanza para o combate á pandemia e á crise social e económica.	
Propostas Por Chantada – CUP para os Orzamentos 2021.	
Liña 1: Robustecer as políticas sociais e contribuír para paliar a mingua de ingresos do pequeno comercio	106.000
Liña 2: emprego.	50.000
Liña 3: Servizos comunitarios e transporte.	20.000
Liña 4: plano de estímulo polo lado da demanda.	295.760
Liña 5: medio rural.	418.000
Liña 6: Cultura, patrimonio e turismo (127.000€).	127.000
Liña 7: Limpeza de rúas, colectores e desinfección..	40.000
Liña 8: Medio ambiente e poupanza enerxética.	0
Liña 9: Auga e depuradora.	
Liña 10: Actuacións urbanísticas na vila e regulación do tránsito.	72.000
Liña 11: Familias e conciliación.	30.000
Liña 12: Infraestruturas municipais.	700.000
Liña 13: Modernización administrativa e revisión das ordenanzas vixentes: actualización, harmonización e criazón doutras novas e necesaria.	Por determinar. Incrementaría o ingreso.
TOTAL	1.858.760

MELLORAR CHANTADA (2021-2023)



Grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.